UNIDADE 7. GALICIA NA GUERRA CIVIL E DURANTE A DITADURA FRANQUISTA (2ª AVALIACIÓN, 3ª QUINCENA)

INDICE

1. A Guerra Civil (1936-1939) e a posguerra
1.1 A sublevación militar e as súas consecuencias para Galicia
1.2 A represión franquista
1.3 A resistencia ao franquismo: fuxidos e guerrilleiros

2. O réxime franquista
2.1 Bases de sustentación e apoios sociais
2.2 A oposición ao franquismo. Os exiliados

3. As transformacións económicas e sociais durante a ditadura
3.1 A política autárquica durante o primeiro franquismo
3.2 O efecto das políticas *desarrollistas* en Galicia

4. Os cambios no modo de vida durante o réxime franquista

5. Bibliografía

1. *A GUERRA CIVIL (1936-1939) E A POSGUERRA*

Nas eleccións de febreiro de 1936 a Fronte Popular consegue unha apertada vitoria en Galicia (26 deputados da Fronte Popular fronte ós 23 que sumaron o Bloque Nacional e os partidos de centro). Na súa versión galega a Fronte está formada por republicanos de esquerda, algúns galeguistas, socialistas e polos poucos comunistas que empezaba a haber en Galicia. De todos os xeitos, a estrutura política segue a ser centralista, polo menos no que afectaba a Galicia e, en consecuencia, o goberno recén elixido cambiou concellos, deputacións provinciais e gobernos civís, devolvéndolle o poder aos que o perderan en 1933.

Co trunfo da Fronte Popular, vaise cumprir a promesa electoral de convocar o referendo do Estatuto para concederlle a autonomía a Galicia, chamando á participación o 28 de xuño de 1936. Segundo os resultados oficiais gaña o si por unha aplastante maioría e, días despois, unha comisión de deputados galegos viaxa a Madrid para entregar o Estatuto plebiscitado ao Congreso coa fin de que este o ratificase e puidese entrar en vigor.

Nos meses anteriores a xullo de 1936, nas principais cidades de Galicia existe axitación nos medios militares, especialmente nos cuarteis, e as forzas políticas da dereita agrúpanse arredor de *Renovación Española* de Calvo Sotelo (deputado por Ourense), da CEDA, da *Falanxe* e do exército e contan co apoio do clero e da prensa de dereitas. Mentres, a crispación social vai en aumento e na rúa prodúcense enfrontamentos entre as milicias obreiras e os grupos fascistas.

A sublevación militar do 18 de xullo fixo inviable a constitución efectiva das institucións autonómicas e, aínda que nos primeiros momentos as forzas galegas de esquerda intentaron resistir á sublevación, as autoridades republicanas negáronse a darlle armas. En consecuencia, os monárquicos, falanxistas e militares antidemócratas derrocan aos poderes lexítimos e fanse co control da situación. Durante o resto do verán tivo lugar unha persecución sistemática dos defensores da República, moitos dos cales foron detidos e asasinados sen xuízo ou fusilados despois dun consello de guerra. Así morreron, entre outros, os catro gobernadores civís, os alcaldes de Vigo, Santiago, Ferrol, Sarria e Lalín, líderes políticos como Heraclio Botana (PSOE), Alexandre Bóveda (PG) e Benigno Álvarez (PCE), entre outros. Principiaba así o que despois o poeta Celso Emilio Ferreiro chamaría *a longa noite de pedra*.

a. A sublevación militar e as súas consecuencias para Galicia

A Guerra Civil de 1936 é un acontecemento transcendental para a historia de España en xeral e de Galicia en particular, aínda que aquí case non podemos falar da existencia de conflito armado, xa que unha vez iniciada a guerra, en pouco máis dunha semana a práctica totalidade de Galicia queda baixo o control do exército rebelde. As

forzas leais á República non reaccionan convenientemente, non teñen acceso ás armas e nin sequera o amotinamento da mariñería de Ferrol consegue frear a marcha dos rebeldes. O 20 de xullo o coronel Cánovas de la Cruz difunde pola radio un bando declarando, dende a Capitanía Militar de Galicia na Coruña, o estado de guerra e, o 30 de xullo, podemos dicir que as operacións militares en Galicia están practicamente rematadas. Despois de dominadas as principais cidades (Lugo e Ourense caeron o día 20 de xullo, A Coruña, Santiago e Ferrol o día 22 e Vigo e Tui o 26), as vilas réndense sen moitas dificultades. Este rápido control por parte dos sublevados determina a inexistencia dunha fronte bélica en territorio galego durante toda a guerra. Porén, a represión e a violencia política foi feroz, cuns mecanismos represivos brutais contra a legalidade republicana, e o número de combatentes enviados á fronte e dos recursos aportados dende a retagarda (alimentos e cartos) moi elevado. Pese a isto, como veremos, existe unha importante resistencia armada no interior de Galicia.

Xa durante os primeiros días do enfrontamento armado, o territorio peninsular comezaba a estar dividido nos bandos nos que permaneceu durante toda a Guerra Civil. Galicia queda encadrada no chamado bando franquista ou nacional, asegurándose así os sublevados unha zona especialmente importante para o abastecemento de tropas. Os nosos soldados forman parte das columnas denominadas *gallegas* como as de Óscar Nevado, Martín Alonso ou Barja de Quiroga. Outros soldados galegos que, ou ben cruzaron a fronte ou ben estaban en zona republicana en xullo do 36 (como é o caso dos segadores en Castela) ingresan no *Batallón Gallego*, integrado no *Quinto Regimiento*. Máis tarde, a procedencia galega de Franco favorece a adhesión de gran parte da poboación galega á causa nacional. Un bo reflexo disto, e tamén da coacción propia dun sistema antidemocrático, é a entrega das autoridades coruñesas do Pazo de Meirás, antiga casa da familia Pardo Bazán adquirida por subscrición popular forzosa, a Franco como obsequio para garantir a súa presenza en Galicia durante os veráns.

En resumo, a Guerra Civil en Galicia pódese definir con tres características principais. A primeira delas é a inexistencia de fronte bélica en territorio galego, feito que se explica pola rápida dominación dos sublevados en contraposición ao resto de España onde a guerra dura tres longos anos. A segunda nota definitoria é a brutal e indiscriminada represión inicial co fin lograr o sometemento absoluto da poboación e, por último, a existencia dunha resistencia armada de amplo apoio social con características propias con respecto a outras zonas do Estado.

Durante a Guerra Civil, as dúas especializacións produtivas consolidadas no primeiro terzo do século, o gando e as conservas de pescado, viviron momentos de gran demanda e o resultado desto son récords históricos de produción e beneficios. Tamén outros produtos galegos como patacas, ovos e outros alimentos contribuíron á alimentación do exército e das poboacións ocupadas. As fábricas de envases metálicos, cunha escasa reconversión, comezaron a fabricar granadas e o sector do estaleiros fai bombas de aviación, granadas de morteiro, proxectís, tanques para auga e combustible e diversos elementos blindados. A guerra supuxo ademais a creación da Fábrica de Armas de A Coruña, unha importante empresa especializada na fabricación de armas portátiles e munición, localizada inicialmente en instalacións

provisionais e con parte da maquinaria procedente da destruída fábrica de armas de Oviedo e trasladada ao final do conflito á súa localización definitiva. En xeral, a guerra xerou magníficas ocasións de negocio que foron aproveitadas polos tratantes de gando e outros alimentos, armadores de pesca, conserveiros, metalúrxicos e construtores navais. Os beneficios dos industriais dispáranse e, en sectores con poucas barreiras de entrada, multiplícase desproporcionadamente o número de empresas (por exemplo, o número de fábricas de conservas duplícase entre 1937 e 1941). Fortunas acumuladas durante estes anos van dar lugar posteriormente a algúns dos principais grupos económicos de Galicia.

Esta situación económica favorable a corto prazo, provocada polo conflito armado, que non se mantén nos anos posteriores, non vai acompañada de melloras no ámbito social. A represión supón unha perda de capital humano que vai ter unha influencia moi negativa nas décadas seguintes sobre a economía galega. Mestres, líderes locais tanto agraristas como obreiros, intelectuais e profesionais en xeral son controlados polo réxime, perseguidos ou asasinados. Desarticúlanse as organizacións e as sociedades en moitas comarcas galegas e redúcese substancialmente o nivel medio de formación dos encargados da educación das novas xeracións. Ambas cousas van ter consecuencias moi importantes na historia posterior de Galicia.

b. A posguerra e a represión franquista

Unha vez controlada a situación, os sublevados pretenden impoñer en Galicia o seu modelo organizativo e cultural, centralizado e uniformizador, e perseguen tódalas manifestacións que, ao seu xuízo, atentan contra a súa maneira de entender a sociedade. Todo sospeitoso de opoñerse á nova situación é perseguido e, na maior parte das ocasións, asasinado. A represión franquista en Galicia é unha das consecuencias máis duras da Guerra Civil e pretende acadar un dobre obxectivo. Por unha parte, facer fronte aos elementos opositores e, por outra, gañarse a simpatía e conseguir a colaboración activa dos indiferentes.

A dimensión da represión franquista non é de todo coñecida, pero sabemos que o número de vítimas, como froito de accións non bélicas, é moi elevado. Aínda que ninguén que pense diferente está libre da persecución, hai sectores profesionais, como o dos mestres e profesores, moi afectados. E mortes cun alto valor simbólico. É o caso dos médicos Vega Barrera en Lugo ou Amancio Caamaño en Pontevedra ou do industrial Miñones en A Coruña. No listado dos caídos nos primeiros meses hai, ademais dos docentes, xente de toda condición, sendo os políticos, sobre todo os nacionalistas e de esquerdas, os máis afectados. Tamén atopamos mortos entre os funcionarios, artistas, escritores, alcaldes e mesmo clérigos como Matías Usero e simples cidadáns sobre os que caeron os odios e as envexas particulares de algún dos vencedores. Estudos recentes falan de máis de seiscentas vítimas en Lugo e máis de setecentas en Ferrol, das cales polo menos os dous terzos se califican de *mortes irregulares* producidas nos *paseos* que teñen lugar de forma indiscriminada dende agosto ata novembro de 1936. Nos casos nos que se realiza un xuízo, este non contaba coas mínimas garantías de defensa para o acusado e, en moitos casos, a sentencia xa estaba asinada con anterioridade.

Porén, a represión non se limita, nin moito menos, á desaparición física dos disidentes senón que vai máis alá e alcanza tamén outros métodos de consecuencias transcendentais como a auto-represión ou a represión psicolóxica. A ocultación e o segredismo co que actúan os impositores e o silencio dos afectados, mantido ao longo dos anos, son factores fundamentais para a permanencia do réxime. A sociedade rural galega pretende seguir vivindo ao marxe das realidades políticas e o silenciamento dos crimes forma parte dos seus mecanismos de supervivencia e de autodefensa. Unha nova moral se instala na poboación e a sospeita e a acusación son condutas premiadas. As denuncias van seguidas da acción punitiva da policía e da Garda Civil, ás veces coa axuda das milicias falanxistas e das *Juventudes de Acción Popular* (a mocidade da disolta CEDA). O asasinato é un primeiro paso pero non acaba aí a persecución e as familias dos *paseados*, dos fuxidos ou simplemente dos republicanos son obxecto de vixilancia e de represión psicolóxica. Pero non só as xentes de esquerdas son o obxectivo do réxime franquista. Aínda que con menos dureza, tamén son perseguidos os que, sendo conservadores, se manteñen fieis á legalidade republicana e non se suman en xullo do 36 aos alzados. Estes, normalmente, non foron a prisión pero sofren o desterro ou o ostracismo político e a perda de cargo público. Tal é, por exemplo, o caso de Otero Pedrayo que é separado da súa cátedra durante anos. Tamén hai que ter en conta as depuracións que se realizan entre os funcionarios que traballaran ao servizo da República. O caso de Castelao, que é funcionario do *Servicio Nacional de Estadística*, é un bo exemplo. Ademais, tamén son denunciadas as actividades económicas consideradas delictivas, perseguidas e disolvidas as organizacións galeguistas ou prohibido o uso público do galego e ridiculizado o seu uso privado como consecuencia do españolismo radical e intolerante do novo réxime.

Os meses posteriores ao estalido da Guerra Civil son moi duros, pero a posguerra non remata na década dos trinta. Os anos corenta son anos de militarismo, de estraperlo e, sobre todo, de fame. A represión realízase agora mediante o internamento en campos de concentración, como os de Cedeira, Rianxo ou a Illa de San Simón, ou en destacamentos disciplinarios e de traballos forzosos como o do aeroporto de Lavacolla. As tácticas represivas continúan incluso nos anos cincuenta, xa perfectamente asentado o réxime franquista. Moitas foron as persoas que tiveron que exiliarse en anos posteriores ante a imposibilidade de atopar traballo debido á súa pertenza, antes da guerra, a algunha organización de esquerdas Un destes casos é o de Xerardo Díaz Fernández, exiliado en 1951, tras pasar varios anos no cárcere e non poder exercer como procurador pola súa afiliación a *Izquierda Republicana*. As detencións políticas e o control do posible retorno dos exiliados son constantes ao longo de todo o franquismo.

c. A resistencia ao franquismo: *fuxidos* e guerrilleiros

A pesar da represión, as autoridades franquistas non poden evitar a existencia dunha oposición interior formada xa dende o golpe de xullo de 1936. A resistencia presenta en Galicia dúas fases: a primeira, durante a guerra (1936-39), representada polos fuxidos e as milicias, e a segunda fase, correspondente á guerrilla que pervive

ata o inicio da década dos anos cincuenta e na que, á súa vez, se poden establecer varias etapas.

Aínda que a maioría dos líderes políticos que se libran do fusilamento ou do cárcere marchan ao exilio (Castelao, Portela Valladares, González López ou Suárez Picallo), outros resisten a persecución franquista refuxiados no monte ou en escondites sucesivos como no caso do presidente da diputación de A Coruña, Alfredo Somoza, que permanece once anos nesa situación. Co trunfo dos sublevados, moitos dos afiliados e simpatizantes de partidos de esquerdas, republicanos e nacionalistas, botáronse ao monte co único obxectivo de fuxir das represalias e de garantir a súa subsistencia nos primeiros momentos. Son os *fuxidos* ou *escapados* que confían en que o golpe non trunfe e poidan regresar ás súas casas. Arredor de algúns deles, que alcanzan sona rapidamente, vanse configurando diferentes partidas formadas por represariados, familiares ameazados, soldados desertores, etc. Manuel González Fresco é un dos *fuxidos* míticos que apareceu morto en decembro do 36 tras varios meses escondido por simpatizar coa Fronte Popular.

Durante a Guerra tamén se trata de organizar, dende fóra de Galicia, unha acción antifranquista mediante organizacións formadas, sobre todo, por labregos que estaban a traballar na sega en Castela. Son as Milicias Gallegas, organizadas por Santiago Alvárez, comisario político do exército republicano do xeneral Líster.

Pasado o tempo, os *fuxidos* danse conta de que o novo réxime implántase definitivamente e teñen que cambiar de estratexia e desenvolver unha organización máis complexa. Da fase dos *fuxidos* pasouse, nos anos corenta, a unha oposición ao réxime moito máis sólida e organizada baseada nas guerrillas antifranquistas ou maquis. A actividade da guerrilla en Galicia é algo realmente excepcional no panorama español. A primeira fase, de formación e organización, vai dende o ano 1939 ata 1944. Nestes anos iniciais, nas guerrillas ten cabida xente de tódalas ideoloxías contrarias ao réxime de Franco. A partir de 1944, ano no que se reúnen os principais dirixentes para lograr unha unidade de acción, detéctase en Galicia un predominio claro da influencia do Partido Comunista xa que é practicamente o único que envía axuda aos guerrilleiros. Deste partido procede, a partir de entón, o sentido organizativo, a conciencia política e a disciplina. Neste momento, vese como posible o derrube de Franco debido as presións tanto internas como externas pola vitoria dos aliados fronte ao fascismo, aínda que non tarda en chegar a decepción. Estamos na fase álxida das guerrillas, sobre todo os anos 1947-48, fase na que teñen unha maior actividade e na que proliferan os líderes guerrilleiros como Benigno Andrade (*Foucellas*), Ponte ou Gómez Gayoso. As antigas partidas de escapados pasan a chamarse Agrupacións e son organizadas por *Marrofer* (Marcelino Rodríguez Fernández). Cada Agrupación, aínda que sen delimitación precisa, especialízase nunha zona concreta e está ao mando dun líder. A Primeira Agrupación actúa na zona de Valdeorras a León baixo a dirección de *Gafas* (Mario Fernández); a Segunda Agrupación actúa na zona de Ourense e Vigo dirixida por Mayo e, con apoios en Portugal, levou a cabo algunha das accións máis espectaculares da guerrilla galega; a Terceira Agrupación actúa en Lugo baixo o mando de *Xan de Xenaro* e de *Guardarríos*; a Cuarta é a máis antiga e duradeira xa que sobrevive ata 1954 e está dirixida persoalmente por *Marrofer*, tomando o nome de *Pasionaria* a partir de 1944.; a Quinta Agrupación actúa en zonas

de Vigo, Ponteareas e Lalín pero ten unha escasa organización, dando golpes de man ocasionais, a pesar de intentar mellorala o propio *Foucellas*.

A partir do ano 1948, as guerrillas entran na súa fase final. Nesta última etapa, que se prolonga ata 1954, a maioría dos seus líderes xa morreran ou foran apresados e o Partido Comunista comeza a desvincularse da loita armada para abandonala definitivamente en 1950 e concentrar as súas actuacións na oposición política. En adiante, soamente persisten algunhas agrupacións, entre a que destaca a de "Foucellas", que é axustizado en 1952 a garrote vil no cárcere de A Coruña. Dous anos máis tarde morre Pancho e a guerrilla desaparece practicamente de Galicia coa única excepción de *Piloto*, que morrerá en Belesar en 1965.

Os guerrilleiros antifranquistas que foron axusticiados son moitos pero entre todos eles destaca Benigno Andrade García, *Foucellas*, sen dúbida un dos máis coñecidos líderes galegos. O seu alcume serviu para designar de modo xenérico a todo guerrilleiro (os *foucellas*). *Foucellas* era un campesiño, que pronunciaba pequenos discursos aos seus compañeiros nas aldeas e atemorizaba aos asasinos franquistas, e que acabou converténdose nun heroe de lenda. Porén, no outro bando tamén morre moita xente por mor da actividade dos guerrilleiros. Cargos da Garda Civil, xefes e oficiais do exército, xefes locais falanxistas, cregos adictos ao réxime, confidentes, etc. son tamén apresados e executados. Igualmente, a guerrilla realiza sabotaxes a tendidos eléctricos e telefónicos, queiman casas e facendas de destacados perseguidores e outras moitas accións dirixidas a atemorizar ao inimigo.

A partir dos anos cincuenta, as formas de enfrontamento ao réxime modifícanse notablemente. A guerrilla desaparece e a oposición céntrase na loita política interior e trata de captar apoios nos medios obreiros, nos universitarios e nos campesiños. No caso de Galicia, esta oposición non se concretou de forma clara ata a década dos sesenta e as mobilizacións sociais máis notables teñen lugar de 1968 en adiante. Ata entón, a desarticulación dos partidos políticos é case completa. Os comunistas logran sobrevivir pero reducidos á mínima expresión, sobre todo despois da liquidación das guerrillas. Polo demais, a penas quedan pequenos grupos organizados na clandestinidade que, con gran risco de seren descubertos pola policía, se dedican a manter relacións entre militantes, axudar a compañeiros en apuros e contactar coas forzas vivas no exilio polo menos ata 1946, ano no que son detidos os encargados das relacións co exterior dando un duro golpe ás organizacións socialistas e republicanas. Tamén o Partido Galeguista deixa de dar sinais de vida e desmantela a xa cativa organización clandestina dos primeiros anos, despois do encarceramento de Ramón Piñeiro e da consolidación do réxime trala Guerra Mundial. Os galeguistas deixan a actividade política e céntranse na conservación e a difusión dos seus ideais pola vía cultural. Con esa fin fundan en 1950 a Editorial Galaxia e pouco despois a revista Grial, convertida no seu órgano de expresión periódico.

4. O RÉXIME FRANQUISTA

O franquismo é un sistema que non admite disidencias nin cambios, especialmente nos aspectos ideolóxicos, e permanece case inalterable durante corenta anos. Isto provoca un enorme contraste e desequilibrio entre unhas normas obsoletas e unha sociedade que se transforma e evoluciona a pesar do réxime. So nos últimos anos as forzas políticas e sindicais comezaron a reorganizarse e prepararse para o cambio que supón a morte do ditador. O réxime franquista no é capaz de sobrevivir ó seu fundador e a morte de Franco en 1975 supón tamén a morte da ditadura para unha sociedade na que moitos dos seus membros desexan liberdade e diálogo.

A ditadura franquista imposta polos vencedores despois da Guerra Civil supón a existencia en España e, polo tanto en Galicia, dunha única formación política autorizada, Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (FET y de las JONS), e dun único sindicato, a Organización Sindical Española, coñecida comunmente como Sindicato Vertical. Co fin de evitar a oposición política e a sindicación libre, a censura actúa con severidade e organiza a vida dos cidadáns en todas as súas facetas. Francisco Franco, galego de nacemento, é militar, monárquico e católico ata o extremo e vai impoñer ao resto da poboación a súa ideoloxía, axudado por seguidores fieis e numerosos aduladores. Organiza e goberna España con normas estritas, de obrigado e indiscutible cumprimento, emanadas da súa persoa, deixa preparada a súa sucesión e o catolicismo e a súa moral inspiran toda a actividade privada e pública. Todo aquel que non comparta estes preceptos e que se atreva a cuestionar a existencia dunha única patria chamada España é perseguido, asasinado, exiliado ou encarcerado. A imposición antidemocrática e autoritaria destes principios configura o réxime que se deu en chamar nacionalcatolicismo. O franquismo, ademais da súa política represora, impón xa na inmediata posguerra unha organización social e institucional nova. Os cargos públicos son ocupados por militares, xeralmente na reserva. A Igrexa recupera o protagonismo que perdera coa República e comeza unha recristianización da sociedade coa práctica de misións e de organizacións como Acción Católica.

Franco pescando no río Eume, cerca de Pontedeume.

Para Galicia, o réxime franquista supón un tremendo retroceso no camiño do recoñecemento da súa singularidade e a súa autonomía. Franco rexeita as diferentes linguas de España a favor do castelán como reflexo da peculiar concepción da unidade da patria que defende. O uso do galego é perseguido e a cultura galega so é considerada nos seus aspectos externos e folclóricos. Franco, a pesar de ser galego, tampouco tivo ningún trato de favor con Galicia á hora de beneficiala con investimentos públicos ou de favorecela no seu desenvolvemento. A relación ca súa terra de orixe limítase ás vacacións estivais en Meirás onde ademais se celebran Consellos de Ministros, á inauguración de obras, á ofrenda ao Apóstolo cada 25 de xullo ou á práctica de algunha das súas afeccións como as regatas en A Coruña, as partidas de golf na Zapateira ou a pesca nos ríos galegos. A falta de interese pola realidade galega non impide a adhesión incondicional de algúns galegos á súa persoa e ao seu réxime. Tamén conta Franco con galegos para ocupar Ministerios, algúns deles durante moitos anos, como son os casos de Camilo Alonso Vega, Salvador Moreno Fernández, J. Antonio Suanzes, Pedro Nieto Antúnez ou Manuel Fraga Iribarne.

a. Bases de sustentación e apoios sociais

A implantación, consolidación e permanencia do réxime franquista durante case corenta anos so é posible co apoio dalgúns sectores que, con maior ou menor grao de implicación ou simplemente coa aceptación calada, manteñen a estrutura que lle serve de base de sustentación. O franquismo conta ademais co apoio da indiferenza dunha gran parte da poboación que sacrifica a ausencia de liberdades políticas ao benestar económico ou á lembranza da Guerra Civil ou da represión. Ademais desta masa de poboación que acepta, por medo, por conveniencia ou por convencemento, as normas impostas pola ditadura, os principais apoios do franquismo son o exército, o clero, a Falanxe, o funcionariado e o gran capital.

O exército é, sen dúbida, o que máis se amosa como unha estrutura monolítica e impermeable ás grandes transformacións económicas e sociais e a el pertencen os seguidores máis fieis do franquismo. Ademais dos cargos militares, o exército nutre moitos dos postos ministeriais de Franco e tamén son militares algúns alcaldes, gobernadores civís ou presidentes das deputacións. A frase de Franco de que *cada español es un soldado* resume perfectamente a idea que el ten do Estado e do papel que deben desempeñar os militares.

Franco con Muñiz de Pablos, Arzobispo de Santiago, 1938

Tanto polo que respecta aos seus fundamentos ideolóxicos como ó apoio interno e internacional que recibe da Igrexa Católica, calquera cualificación do réxime de Franco debe incorporar o substantivo catolicismo ao seu marcado nacionalismo español, para pasar a denominarse nacionalcatolicismo. O clero está maioritariamente a favor de Franco, polo menos ata mediados dos anos sesenta cando comezan a detectarse os primeiros síntomas de fractura nun apoio que ata entón fora incondicional. A xerarquía eclesiástica da constantes mostras deste apoio que, por outra banda, vese amplamente recompensado polo ditador. A cambio de privilexios económicos, xudiciais e de control do ensino, xustifican a Guerra Civil como unha Cruzada Nacional fronte aos inimigos de España (comunistas, masóns e xudeos) e fronte ó marxismo e ó ateísmo. Ao mesmo tempo, presentan a Franco como unha figura excepcional colocada por Deus para salvar ao noso país. Como consecuencia desta consideración de persoa case sagrada, o ditador revístese dunha autoridade especial e logra privilexios reservados á propia divindade (uso de palio nas igrexas, na mellor tradición dos supostamente divinos Reis de España). A Igrexa, coa sinatura do Concordato de 1953, recupera agora vellos dereitos anulados pola II República e inicia unha recristianización da sociedade e dos individuos, exercendo un maior control sobre tódolos ámbitos da vida dos españois. Os bispos e abades galegos reciben a Franco con honores semellantes aos dispensados no resto do Estado e así se demostra cada ano con motivo da festividade de Santiago, instituído Patrón de España. O cardeal Quiroga Palacios, como cabeza da sede compostelá, é un dos símbolos da xerarquía eclesiástica sumisa ao réxime. Porén, despois da celebración do Concilio Vaticano II, aparecen as primeiras as primeiras actitudes contestatarias no clero galego, aínda que sempre foron minoritarias e ligadas a sectores relacionados co apostolado social e os seminarios.

Unha gran parte da cobertura ideolóxica ao réxime é proporcionada por Falanxe, que prové moitos dos cadros de mando e burocráticos necesarios para a consolidación do Estado franquista. Membros desta forza enchen os sindicatos e as corporacións, as escolas e as universidades, os concellos e as deputacións e encárganse sumisamente da súa organización e funcionamento. A pesar de que en Galicia Falanxe conta con escasa implantación en 1936, deseguido empezaron a

aparecer por tódolos lugares falanxistas que coparon postos na Administración e actuaron de modo abusivo e represivo en nome da súa afiliación política.

O gran capital é outro respaldo fundamental para un réxime que favorece a acumulación de grandes fortunas e a falta de control, tanto fiscal como político, sobre elas. A oligarquía financeira enriquécese coa especulación urbanística e bursátil e co control das grandes corporacións industriais públicas. Os apoios ao réxime son maiores canto maior é a prosperidade aínda que hai casos de lealdade xa nos mesmos inicios da Guerra Civil. É o caso de Barrié de la Maza, recompensado por Franco co título de Conde de Fenosa.

Vista aérea del Pazo de Meirás. / XURXO LOBATO

Pazo de Meirás (Sada, A Coruña)

Os funcionarios, en xeral, son outro dos apoios cos que conta o réxime franquista xa que para desempeñar calquera cargo administrativo público deben aceptar explicitamente os principios do Movemento Nacional. Moitos cargos públicos e intelectuais mostran tamén a súa defensa da ditadura e da persoa de Franco e as autoridades, con frecuencia, agasallan ao Caudillo con regalos como o Pazo de Meirás ou a Casa Cornide en A Coruña. Por outra banda, a prensa, controlada e censurada, fai eco das fazañas do ditador e eloxia as súas virtudes. *El Pueblo Gallego*, obrigado a poñerse ao servizo do novo réxime, é o mellor exemplo en Galicia desta manipulación.

2.2 A oposición ao franquismo. Os exiliados

A oposición ao franquismo atópase nas organizacións políticas pero tamén nos medios intelectuais e universitarios e, a partir do Vaticano II, no seo da Igrexa cunha nova xeración de sacerdotes, formados no espírito deste Concilio. As diverxencias da oposición política, centradas sobre todo na cuestión nacional, debilitan as súas forzas e súas posibilidades de trunfo sobre o réxime ditatorial.

As principais forzas política contrarias ó rexime franquista actúan tanto dende o interior como dende o exterior de Galicia. A oposición de carácter político e intelectual do interior, que sofre a represión franquista, complétase de forma imprescindible con todos aqueles comprometidos coa causa que se viron forzados ao exilio, sobre todo en repúblicas americanas que lles deron asilo político como Uruguai ou Arxentina. Pódense diferenciar tres fases na evolución da oposición política en Galicia: na primeira fase, que se estende ata o ano 1950, a actividade desenvólvese, sobre todo,

en América, onde destaca a labor de Castelao; durante a segunda fase, que se inicia precisamente no ano da morte de Castelao (1950), a oposición política galeguista deixa paso a unha vía máis centrada no cultural liderada por Ramón Piñeiro, a editorial Galaxia e a revista Grial; por último, na terceira fase, iniciada a comezos dos anos sesenta, recupera o protagonismo a vida política coa fundación de varios partidos que, dende diferentes ideoloxías, buscan a derrota do réxime.

Ramón Piñeiro (1915-1990)

Case todos os exiliados colaboran en manter funcionando noutras terras o Goberno e o Parlamento da República coa esperanza de que o final da Guerra Mundial trouxera consigo tamén o final da ditadura. Con esa esperanza crean organizacións unitarias de pouco éxito como o *Bloque Republicano Nacional Galego*, creado en Francia en 1944, que publica *Galicia*, unha das primeiras voces de resistencia no exilio. Ese ano 1944 é importante ademais por ser a data da constitución do *Consello de Galiza*, da publicación da obra de Castelao *Sempre en Galiza,* auténtico ideario do galeguismo republicano, e tamén da publicación da carta do polígrafo coruñés Salvador de Madariaga contra Franco. O *Consello de Galiza* convértese nunha especie de goberno galego republicano, no que participan personalidades como Castelao e Suárez Picallo, que defende os dereitos de autogoberno. Cando Francia é ocupada por Alemaña, a oposición política galega trasládase a América e alí Castelao convértese nun auténtico símbolo da galeguidade, desenvolvendo unha incesante actividade destinada a manter vivo o nacionalismo e incrementar o peso político de Galicia dentro do exilio republicano. Castelao pasa a representar a Galicia nas conversas e pactos co resto das forzas políticas españolas no exilio. O papel dominante que pretende adquirir a corrente nacionalista non está ben visto polo resto da oposición galega exiliada, formada fundamentalmente por comunistas e socialistas, e tampouco pola oposición que se fai dende Galicia por parte de persoas como Ramón Piñeiro ou García Sabell, que non aceptan o protagonismo político de Castelao. A morte de Castelao no ano 1950 marca un cambio radical na dinámica da oposición a Franco.

A oposición política no interior opta xa nos últimos anos da década dos corenta por unha saída alternativa que os intelectuais atopan na defensa da cultura galega. Esta vía de escape permítelle, máis ou menos, superar a represión franquista, a clausura de institucións, a confiscación de bens e a prohibición das súas publicacións, feitos todos eles que caracterizan a relación co réxime nos anos anteriores. Ramón Piñeiro é a figura máis representativa desta nova corrente opositora e 1950, o ano da fundación da editorial Galaxia, a mellor representación do seu compromiso con Galicia. Intelectuais como o propio Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Cabanillas, Fernández del Riego, García Sabell, Franco Grande, Álvaro Cunqueiro e moitos outros únense á reivindicación do idioma galego, acoden a concursos literarios, ás tertulias do Café Español na Rúa do Vilar compostelá e, pouco a pouco, van configurando grupos numerosos que, a pesar das discrepancias, manteñen dúas ideas comúns: o galeguismo e o antifranquismo.

Sen desaparecer esta corrente de tipo culturalista, ao longo dos anos sesenta, vanse formando na clandestinidade agrupacións políticas que, polo xeral combinan a ideoloxía nacionalista coa marxista. Dous son os partidos máis destacados que xorden neste momento: o PSG e a UPG. Ramón Piñeiro decide promover unha forza de orientación socialdemócrata e federalista na que nunca militará. Nace así en 1963 en A Coruña o Partido Socialista Galego (PSG), que tivo como primeiro secretario xeral a Francisco Fernández del Riego e como militante a Xosé Manuel Beiras. O Partido Socialista Galego é concibido como escola de dirixentes dunha democracia futura. Voluntariamente afastado de calquera acción abertamente subversiva, o PSG limítase a formar aos seus afiliados, facer estudos económicos, relacionarse con forzas afíns de fóra de Galicia e colaborar na creación e funcionamento dalgunhas asociacións culturais para difundir o seu ideario dentro da legalidade. Porén, nos primeiros anos setenta, un grupo de mozos encabezados por Beiras, provoca un cambio de liña no partido que non afecta ao seu federalismo, pero que introduce un programa de propostas anticapitalistas e da lugar a unha actividade política máis decidida na loita contra a ditadura. Por outra banda, en 1964 un pequeno grupo de mozos nacionalistas residentes en Madrid, fundan a Unión do Pobo Galego (UPG), concibida como unha fronte de ideoloxía de esquerda revolucionaria. A organización transfórmase en partido en 1966 e postula a autodeterminación, a colectivización agraria e a galeguización entre outros presupostos. Entre os seus membros están Celso Emilio Ferreiro, Méndez Ferrín, Bautista Álvarez ou Raimundo Patiño. En 1968 constitúese o Partido Comunista de Galicia, dirixido por Santiago Álvarez e federado ao PCE, e coa edición do seu voceiro en galego *A Voz do Pobo*. A actividade política destas forzas vai ser escasa na década dos sesenta, pero moi importante a partir dos anos setenta. Toman xa parte nos conflitos sociais de finais dos sesenta, momento no que ademais nacen ou se refundan partidos como o PSOE en 1973.

Tamén nos primeiros anos sesenta varios feitos provocan o nacemento, xunto coa oposición política, dunha nova oposición a ditadura. O inicio do desenvolvemento económico, a tímida liberalización económica e informativa do réxime e a chegada dunha xeración que non sufrira os terrores da guerra dan como resultado unha oposición social que permite a expansión do movemento obreiro e do movemento estudantil. O feito de que o PCE é o único que mantén unha mínima resistencia

organizada xunto á fascinación que exercen sobre a xuventude as revolucións de China, Cuba ou Vietnam xustifican a inspiración marxista-leninista que normalmente teñen estes movementos. É precisamente o PCE o que empeza a montar algunhas células nas fábricas máis importantes de Galicia que alimentan en 1961 unha folga en Bazán en Ferrol, coincidindo coas folgas de Asturias, que se converte no primeiro conflito obreiro propiamente dito en Galicia baixo o réxime de Franco.

O forte incremento de traballadores nas factorías galegas, posible gracias á reactivación económica deses anos, xunto á colaboración do Partido Comunista favorece a expansión do movemento obreiro. En 1967 créanse as *Comisións Obreiras de Galicia*, sindicato controlado polo PCE, que protagonizan nos anos seguintes conflitos laborais nos lugares de maior concentración obreira (Ferrol, Coruña e Vigo). O movemento sindical logra ademais que os conflitos obreiros transcendan os recintos das fábricas para chegar ás rúas, involucrando á poboación no seguimento das folgas obreiras. Un fito importante do movemento obreiro son os sucesos ocorridos en Ferrol en 1972 e manifestación á que acoden varios miles de persoas. As reivindicacións proletarias derivadas da negociación do convenio colectivo mestúranse coa demanda de democratización, provocando un enfrontamento entre manifestantes e forzas de orde pública que acaba con máis de vinte traballadores feridos e dous mortos. A repercusión dos sucesos de Ferrol déixase sentir en toda España, provocando incluso a protesta da xerarquía eclesiástica, manifestacións de repulsa en toda Galicia e unha folga na Citroën de Vigo que mantivo a cidade en tensión durante vinte días.

Noutra orde, en marzo de 1968 teñen lugar os primeiros incidentes serios entre os estudantes e as autoridades académicas da Universidade de Santiago de Compostela. Os estudantes esixen, coa folga, democracia, e dicir, cambio de réxime político e nesas reivindicacións son apoiados por outros colectivos e por boa parte do mundo da cultura non oficial. Destes incidentes nace o Movemento Universitario Galego, que foi en aumento nos anos seguintes e sobre o cal o PCE non puido nunca exercer unha influencia comparable á que ten sobre a loita sindical.

A Igrexa que, en xeral, apoia a Franco dende o principio, empeza a dar mostras de desconformidade despois do Concilio Vaticano II. Ademais tamén inflúe positivamente neste cambio de aptitude a saída de eclesiásticos a realizar estudos en Europa. Entón, a partir de mediados da década dos sesenta, unha parte do clero galego distánciase do réxime franquista e comeza a apoiar iniciativas laicas que buscan o seu desgaste. O clero parroquial colabora, con frecuencia, con organizacións democráticas, denuncia situacións de inxustiza, conecta coa xuventude, facilita os locais das parroquias para reunións clandestinas e incluso milita en partidos da oposición. Este novo talante dalgúns membros da Igrexa persegue dous obxectivos básicos: lograr unha Igrexa máis galega e un réxime político democrático. Figuras como José Chao Rego ou Manuel Espiña son bos exemplos deste cambio. Porén, a alta xerarquía segue defendendo as posturas oficiais do franquismo e, por elo, o papel que desempeña o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Miguel Ángel Araújo Iglesias, nos acontecementos de 1972 en Ferrol é unha auténtica excepción. O bispo asume e manda ler en tódalas igrexas da diócese un escrito redactado polo coadxutor da parroquia do Socorro no que ofrece un diálogo sincero e aberto. Este ofrecemento constitúe un documento clave na evolución do compromiso da Igrexa galega co pobo e

foi considerado como unha intromisión do clero en asuntos que non eran da súa competencia. No mesmo contexto, ao párroco de San Pablo elle imposta a maior multa económica do clero galego (125.000 pesetas) pola homilía lida con motivo do funeral polos dous obreiros mortos.

5. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DURANTE A DITADURA

Na evolución socioeconómica de Galicia durante o franquismo temos que diferenciar, igual que no resto de España, dúas fases definidas claramente por parámetros case opostos. Na primeira etapa, que se desenvolve nos anos da posguerra comprendidos entre 1939 a 1959, a economía de Galicia e de todo o Estado, en xeral, caracterízase pola autarquía na que está sumida, pola fame e a privación, polo estraperlo e o racionamento. A segunda fase iníciase co Plan de Estabilización de 1959 e finaliza coa morte do ditador en 1975, aínda que xa a crise do petróleo de 1973 introduce cambios importantes no panorama económico. Esta etapa, caracterizada polo forte intervencionismo estatal e a posta en marcha de políticas *desarrollistas*, califícase de milagre económico polo forte desenvolvemento que vive Galicia.

3.1 A política autárquica durante o primeiro franquismo

Durante a posguerra Galicia vive anos de dificultades xa que o réxime non é capaz de lograr a recuperación económica tralo conflito armado. A política de autarquía que o Estado intenta conseguir é a causa do estancamento do sector agragandeiro, da perda dos mercados exteriores para a industria conserveira e do estancamento e atraso, en xeral.

Despois da situación economicamente favorable provocada pola Guerra Civil, os anos posteriores ao conflito armado supoñen para a economía galega un forte retroceso e un freo ao crecemento iniciado no primeiro terzo do século XX. Esta situación xeral de contracción económica afecta a todo o Estado, pero no caso de Galicia o retroceso é maior e dura uns dez anos máis, non cambiando a situación ata a década dos sesenta. O illamento internacional e o extremo intervencionismo na economía repercuten negativamente nos produtos afectados, que no caso galego son, sobre todo, a pataca e o gando vacún, e no resto do Estado, o trigo e o aceite. As dificultades para importar nótanse tamén na falta de fertilizantes químicos, maquinaria e outros produtos cuxa falta interrompe a traxectoria favorable das décadas anteriores. Dende 1939 ata 1959 prodúcese unha volta ao campo, relentizándose o crecemento das cidades e descendendo notablemente o número de persoas dedicadas ao sector industrial e de servizos, e incrementándose a porcentaxe de poboación ocupada en tarefas agrícolas ata chegar a niveis similares aos de finais do XIX, o que de xeito aparentemente paradóxico, non se traduce nun aumento da produción agraria. A escaseza, tanto de bens de consumo como industriais, provoca a súa carestía, o

racionamento drástico dos alimentos e o aumento do estraperlo e o mercado negro. Esta situación de penuria empeora, se cabe, coa Guerra Mundial, cando o Estado franquista non so non pode importar os bens necesarios senón que ademais detrae parte dos alimentos e as materias primas (como o wolframio galego) para entregarllos aos nazis en compensación pola axuda que Alemaña lle prestara durante a Guerra Civil.

As consecuencias para a agricultura de Galicia da falta de importacións son basicamente dúas. A primeira é o descenso das compras do sector agrario a outros sectores o cal leva a unha agricultura de autoconsumo e de subsistencia. A segunda consecuencia é a grave caída da produción agropecuaria. A pesar da reruralización da poboación e do incremento do número de campesiños, a produtividade agraria permanece estancada e o sector agrícola e gandeiro galego frean a súa modernización, sendo a pataca, o viñedo e os produtos hortícolas os máis afectados. A disolución das sociedades agrarias (substituídas pola sindicación obrigatoria no sindicato vertical) que controlaban o fraude na distribución de fertilizantes, a marxinación da Misión Biolóxica e do Sindicato de produtores de sementes que repartían as sementes de calidade provocan unha caída nos rendementos de todos estes produtos. O réxime intenta intervir na súa produción e comercialización a través da Comisaría de Abastos y Transportes, establecendo uns cupos de entrega obrigatoria e fixando os prezos para os produtos básicos. Deste xeito pretende mellorar os rendementos pero non so non o consegue senón que provoca unha escaseza xeral no mercado oficial e un espectacular desenvolvemento do mercado negro ou estraperlo.

A implantación dunha política agraria planificada a favor dos grupos terratenentes dedicados ao cereal e o olivar noutras rexións peninsulares, supón o sacrificio da consolidación da gandería galega. Ademais, outros dous factores bloquean o desenvolvemento da gando vacún e porcino. Por unha parte, a escaseza de forraxes durante case toda a década dos corenta e, por outra, a intervención dos organismos reguladores na produción. A situación empeora despois de 1946, co comezo das importacións de carne arxentina que provocan a caída dos prezos. Entre 1948 e 1951 a gandería chega ao seu punto máis baixo ao engadirse a estes problemas unha epidemia de glosopeda que reduce drasticamente o número de reses e a súa calidade. A recuperación do sector comeza a notarse despois de 1952 gracias á supresión da intervención sobre o comercio do gando, á redución das importacións de carne conxelada e á maior dispoñibilidade de forraxes.

O sector forestal é un dos que sofre maiores consecuencias e tamén a mais longo prazo, polo menos nos aspectos sociais e ambientais. Os montes veciñais tamén sofren unha importante transformación ao pasar a depender dos concellos despois do decreto de 1942. En consecuencia, con este decreto, os montes deixan de ser propiedade veciñal e os campesiños son privados dos pastos e da recolleita de leña ao iniciarse unha repoboación destes espazos con especies foráneas de crecemento rápido para potenciar a industria madereira. A falta de recursos para manter as importacións fai da repoboación forestal un obxectivo prioritario na política económica xa durante a guerra. En consecuencia, máis do 14% da superficie galega é

posta, en menos de vinte anos, baixo a tutela do *Patrimonio Forestal del Estado* (creado en 1941) e case o 10% repoboada, expropiando así as comunidades campesiñas o uso do monte. Ademais da perda de recursos que isto supón para o labrego, a política de explotación intensiva do monte mediante a repoboación forestal ten un impacto ecolóxico negativo.

Outro dos sectores que, xunto ao gandeiro, iniciara a súa modernización no primeiro terzo do século XX é o da industria conserveira. Co remate da Guerra Civil e a implantación da ditadura, a conserva galega tense que enfrontar tamén a graves problemas que a levan a reducir o seu rendemento. Porén, as boas costeiras e a política favorable do goberno de Burgos, consciente da importancia de manter o suministro de pescado fresco e de conserva, durante os anos da guerra e os inmediatamente posteriores permiten manter a boa saúde do sector. Establécense prezos mínimos para a sardiña e o xurelo, o cal impide a caída de prezos. Ata 1942 logra manter a produción, pero a partir dese ano escasea a sardiña e isto trae consigo unha serie de reaccións negativas en cadea. Descende a produción e, polo tanto, descende tamén a venda de produtos asociados como a folla de lata e o tamaño das fábricas e o seu nivel de capitalización. Ademais, ao verse asegurada a venda pola maior escaseza de produto e por estar canalizada a través da Comisaría de Abastecementos e Transportes, descende tamén a calidade dos produtos envasados e orixínanse problemas de estraperlo e de exportacións sen licenza. Todo isto repercute de xeito negativo nun sector que situara a Galicia no camiño da industrialización.

Porén, se ben o sector conserveiro inicia xa na década dos corenta unha vertixinosa caída que o retira dos mercados internacionais, outras actividades como a pesca, a construción de barcos ou a industria frigorífica, gozan dunha notable expansión. A escaseza de sardiña nas rías incentiva a busca de novas áreas de pesca, axudada polo maior tamaño e potencia dos buques. A pesca no Gran Sol e no norte de África medra de forma moi importante e iníciase, nos primeiros anos da década dos corenta, a expansión das pesquerías galegas cara o bacallau de Terranova con compañías como PEBSA e COPIBA. Esta expansión produce ademais a necesidade dunha industria frigorífica que permita satisfacer a maior demanda de xeo para conservar un peixe traído de caladoiros tan alongados. As instalacións de Frigoríficos Vigo S.A., inauguradas en 1942, sitúan a esta cidade na primeira produtora de xeo española.

Ao igual que ocorre coa pesca, a construción naval sabe adaptarse á nova situación e pode manter os seus niveis de produción e, incluso, melloralos. Ao final da guerra promúlgase a Lei de Crédito Naval, unha norma que persigue a reconstrución da flota e que permite obter créditos a longo prazo e a tipos reducidos. Como consecuencia, os estaleiros galegos reciben un gran número de encargos de barcos de arrastre modernos que incorporan, moitas veces, cascos de aceiro e motores de combustible líquido. Estaleiros galegos como os vigueses Barreras ou Vulcano, aproveitando as dificultades para conseguir barcos estranxeiros, multiplican o seu capital e as súas instalacións e outros, como ASTANO (Astilleros y Talleres del Noroeste), nacen, en Ferrol, en 1941, dedicados á construción de buques pesqueiros

financiados con cargo á Lei de Crédito Naval. Despois da recesión provocada pola falta de pedidos derivada dos problemas da pesca durante a Segunda Guerra Mundial, os nosos estaleiros viven outra época de esplendor nos anos cincuenta trala reconversión das súas estruturas para realizar barcos de carga e mixtos de tamaño medio e elevado que poden faenar en caladoiros máis alongados como Terranova.

Sen dúbida, o sector que experimenta un maior crecemento é o hidroeléctrico, sobre todo a partir da creación en 1941 do Instituto Nacional de Industria (INI), encargado de organizar a rede eléctrica nacional da que Galicia, debido a súas inmellorables condicións naturais, entra a formar parte como exportadora de electricidade a outras zonas da Península. As concas do río Limia e, sobre todo, do Sil e do Miño son a base deste aproveitamento hidroeléctrico que ata entón permanecía sen explotar debido a falta de demanda galega e á inexistencia dunha rede española de alta tensión. Pero nos primeiros anos corenta, o forte déficit de enerxía eléctrica en España e a prioridade concedida á construción da rede fai que medre o interese nalgunhas empresas. En 1943 asínase un acordo entre varias compañías para repartirse as zonas de explotación das posibilidades hidroeléctricas dos ríos galegos que ata entón so eran aproveitadas por pequenas compañías, ás veces familiares, para subministrar electricidade ás zonas próximas aos encoros. O rápido crecemento do sector vai asociado á perda de peso relativo das empresas galegas fronte á entrada de capital público e capital privado foráneo. So unha das tres empresas é galega: FENOSA (Fuerzas Eléctricas del Noroeste S.A.), creada en 1943 coa participación de dúas sociedades bancarias, Hijos de Olimpio Pérez e Banco Pastor. As outras dúas son Hidroeléctrica de Moncabril, creada en Madrid, e Saltos del Sil, pertencente ao grupo Iberduero. A partir da data de sinatura deste pacto, constrúense en Galicia moitos encoros que non lle reportarán grandes beneficios despois da unificación das tarifas hidroeléctricas para toda España en 1951. Esta produción de electricidade non fomenta en gran medida a industrialización de Galicia, xa que está ao servizo dos polos de desenvolvemento de España (Madrid, Cataluña, País Vasco) aos que se exporta máis do setenta por cento da enerxía producida. Sobre Galicia recaen os custes sociais e ambientais da construción dos embalses sen que a cambio reciba unha mellora nos prezos. Porén, a mediados dos anos cincuenta, a existencia dun subministro asegurado, crea en Galicia un ambiente favorable á inversión industrial. Non se pode deixar de pensar que non é casual que gran parte dos proxectos empresariais máis importantes se conciban e, incluso se creen, en este momento. Son os casos de Citröen, ENCE, TAFISA, a cementeira do Oural, GENOSA, Aluminio de Galicia, ou EMESA. O desenvolvemento do sector hidroeléctrico tamén permite a consolidación ou a aparición dos poucos grupos económicos galegos de peso, entre os que destaca o do Banco Pastor-FENOSA, da familia Barrié, participando en empresas como ASTANO, EMESA e outras.

Ademais do sector hidroeléctrico, podemos falar da importancia doutras actividades como a extracción intensiva de wolframio, aproveitando o aumento da demanda no contexto bélico da Segunda Guerra Mundial e da Guerra de Corea xa que este mineral se utiliza para aumentar o punto de fusión do aceiro, indispensable para o seu uso armamentístico. Fálase da febre do wolframio xa que a importancia que acada é tal que da emprego a uns dez mil traballadores que se trasladan ás principais zonas

de produción: Lousame-Noia, Carballo, Valdeorras, Beariz-Avión, Vila de Cruces-Silleda e Santa Comba. Por ser un mineral estratéxico en época de guerra, a competencia entre os alemáns e os aliados por conseguilo disparou o seu prezo ata o punto que en algunhas aldeas os habitantes destruíron as súas propias vivendas para extraer o mineral das pedras de cantería dos muros. Foron moitos os que se beneficiaron desta febre, dende campesiños e obreiros ata empresas galegas, grandes empresarios madrileños como Ildefonso Fierro ou personalidades do réxime como o conde de Argillo, pai do marqués de Villaverde. Na segunda metade dos anos cincuenta, trala guerra de Corea, os prezos internacionais baixan e a minería do wolframio decae ata desaparecer nos anos sesenta.

Outro dos sectores que ten un certo desenvolvemento é o financeiro, da man e dos grupos de certa entidade, como o do Banco Pastor. Por outra parte, o Instituto Nacional de Industria, xunto a outros organismos públicos, desenvolveron en Galicia algunhas iniciativas que empezaron a configurar un certo tecido produtivo nas décadas seguintes. Trátase de industrias modernas, promovidas dende fóra, que tratan de darlle un pulo á economía galega dominada por un sector agrícola atrasado. Exemplos de empresas modernas son a Celulosa de Pontevedra, creada en 1956, ou a Empresa Nacional Bazán, que nace en 1947. Entre as iniciativas autóctonas, ademais do grupo Banco Pastor-FENOSA, outra entidade que acada importancia é o Grupo Fernández de Vigo que se consolida coa creación da química *Zeltia* en 1939. Tamén son impulsadas desde dentro industrias como Pescanova, unha industria de transformados do peixe (1960) ou a construtora ASTANO, tamén promovida polo grupo Pastor en 1944 e absorbida polo sector público en 1971.

A pesares do xurdimento destas importantes iniciativas económicas e empresariais, non debe esquecer que en 1960 máis dun 60 % da poboación galega vive aínda no rural, e que as técnicas de produción no sector primario non son suficientes para o sostemento deste numeroso continxente de poboación, o que en termos xerais produce un notable freo da actividade económica. Ao mesmo tempo que se produce este estancamento, a poboación segue medrando, aínda que lentamente. A válvula de escape que supoñía a emigración permanece pechada e non comeza a funcionar ata os anos cincuenta cando se abre o novo fluxo de saídas con destino, especialmente, a Venezuela, Brasil e México. O incremento da poboación xunto ao descenso da produtividade, tanto agrícola como industrial, explica a extrema dureza das condicións de vida da posguerra para a maioría da xente. A situación de malnutrición a que se chega, aumenta de forma significativa o número de mortes e enfermidades que, por outra parte, non son compensadas por unha rede sanitaria adecuada. A este panorama de pobreza material hai que engadir os importantes cambios sociais que se producen despois da Guerra Civil. A sociedade, en xeral, perde o pluralismo e os valores democráticos da República. Os xefes falanxistas e os sindicatos, axudados polos militares e pola Igrexa, controlan o poder en tódolos campos. Como consecuencia desto, os novos señores, absolutamente protexidos pola súa filiación ao réxime, enriquécense durante toda a posguerra co mercado negro, o estraperlo ou o contrabando a costa da necesidade da xente. As cartillas de racionamento, que se manterán ata inicios da década dos cincuenta, son o mellor

reflexo desta situación de pobreza que se sofre especialmente nas cidades debido ao acaparamento de produtos básicos e ao incremento dos seus prezos.

3.2. A efecto das políticas *desarrollistas* en Galicia

Durante a década dos cincuenta prodúcense certos cambios en política exterior, como o inicio das relacións e axudas americanas ou o ingreso de España na ONU en 1955, que repercuten na economía do resto do Estado, en xeral, pero non na galega. Ao remate dos cincuenta Galicia segue a ser unha rexión subdesenvolvida. En Galicia, o punto de inflexión é, sen dúbida, o Plan de Estabilización de 1959, que abre un período de *desarrollismo* económico dentro do réxime da ditadura favorecido por unha serie de medidas liberalizadoras da economía. Os cambios máis significativos danse tanto no ámbito rural como no industrial, producíndose ao mesmo tempo unha transformación radical da sociedade galega. Os cambios impostos desenvólvense ao longo dos anos sesenta e setenta, acentuándose incluso nos oitenta co ingreso de España na Unión Europea. O ritmo de crecemento da economía galega, aínda que é moi elevado, resulta inferior á media española e, por suposto, ao das rexións industriais e das beneficiadas da expansión do turismo de masas. Galicia, ademais, o desenvolvemento industrial e dos servizos é insuficiente para absorber o crecemento da poboación e para reducir a porcentaxe de poboación agraria que en 1960 segue a supoñer o 61% do total. Outro dos matices que diferenza á economía galega da española é o forte peso que nela ten a emigración, papel que o turismo desempeña en outras rexións.

O Plan de Estabilización supón o fin da política autárquica e o inicio dunha fase marcada por un forte desenvolvemento económico, acompañado de importantes transformación sociais, a pesar de que os principios ideolóxicos do réxime non cambian. O Plan propón, por unha parte, unha serie de medidas fiscais para reducir o gasto público, e monetarias, como limitar os créditos ao sector privado, dar maior flexibilidade nos tipos de interese e maiores beneficios á banca, para lograr un novo equilibrio interno. Por outra banda, pretende tamén conseguir o equilibrio externo mediante a liberalización do comercio exterior, un menor control estatal, a fixación do novo cambio da peseta con respecto ao dólar e a apertura dos mercados nacionais aos investimentos estranxeiros. Aínda que todas estas medidas de carácter xeral non tiveron a mesma repercusión en Galicia que noutras partes do Estado, si podemos dicir que a partir deste momento se producen transformacións de fondo na situación económica galega.

A agricultura e a gandería volven ao camiño da modernización que iniciaran nos anos vinte e trinta do século XX e entra na economía capitalista aínda que mantendo características estruturais como o minifundio, a excepción das zonas onde se leva a cabo a Concentración Parcelaria a través do Instituto Nacional de Colonización (creado en 1939). Desaparecen as trabas derivadas do intervencionismo autárquico, amplíase a demanda e o mercado de produtos como a carne, os lácteos, os ovos ou o pescado debido ao crecemento urbano, ao incremento do poder adquisitivo da poboación e á expansión do turismo. En consecuencia, a produción agraria, en xeral, e a gandeira en particular, medran, a un ritmo similar á española, durante os anos

sesenta e primeiros setenta. Créanse as Axencias de Extensión Agraria e increméntase de forma moi clara a maquinaria nas explotacións, sobre todo o número de tractores dende mediados dos anos sesenta. O réxime, favorece a conversión gradual da economía rural tradicional, baseada no policultivo de autoconsumo, nunha actividade especializada na produción de carne e leite que permita abastecer os mercados das zonas de maior desenvolvemento urbano e industrial. Progresivamente vai desaparecendo o campesiño tradicional e aparece o agricultor especializado, totalmente integrado na cadea industrial.

A progresiva mercantilización é unha das características básicas do sector agropecuario dende os anos sesenta que permite modernizar as explotacións e incrementar a súa rendibilidade, aínda que con algún custe. A especialización gandeira, produtora de leite e carne, é posible gracias á ampliación da superficie dedicada a prados e a forraxe pero, sobre todo, polo forte crecemento da compra de pensos industriais. Estas dúas melloras, que permiten aumentar a produción, traen tamén consecuencias non tan desexables como o aumento dos gastos para as explotacións e a tendencia ao desaproveitamento do potencial ecolóxico galego. Outra das notas destacadas da agricultura galega a partir dos anos sesenta é o acelerado proceso de adquisición de tractores e outros aperos movidos a motor. Tamén isto contribúe ao aumento de gastos, non so pola inversión realizada senón polas compras permanentes de combustible e recambios que esixía a maquinaria.

A aparición dunha nova estrutura de demandantes, que se sitúa entre o agricultor e o consumidor, transformando e engadindo valor ao produto é outra das novidades do período. Estes intermediarios teñen un poder do que carece o agricultor individual para fixar os prezos. Nos anos anteriores xa apareceran empresas agroalimentarias como LARSA (Lacto Agrícola Rodríguez S.A.) pero é durante as décadas dos sesenta e setenta, ante a forte demanda, aparece un forte sector lácteo baseado na hixienización e envasado do produto máis que na súa transformación en derivados. Ao seu desenvolvemento contribúe claramente O *Plan de Centrales Lecheras* de 1952, que obriga á pasteurización e embotellado do leite vendido en localidades de máis de vinte e cinco mil habitantes. Como consecuencia, LARSA amplía a súa capacidade e xorden novas centrais leiteiras de base máis ou menos cooperativa como LEYMA-UTECO (1962), COMPLESA (1966), FEIRACO (1969) ou Lácteas del Atlántico (1973).

A actividade gandeira ten como outro dos seus fins a produción de carne. Neste sector, durante os anos sesenta e setenta, hai que destacar, por unha parte, a maior implantación dos matadoiros municipais e, por outra, a aparición dunha industria do sacrificio e da refrixeración da carne para o seu envío a outras rexións do Estado, especialmente ás máis urbanizadas. Neste campo é fundamental a creación de FRIGSA (Frigoríficos Industriales de Galicia S.A.) que empeza a funcionar en Lugo en 1958 e alcanza as súa maior dimensión nos sesenta, converténdose no primeiro gran matadoiro español. FRIGSA consegue manter en Galicia parte do valor engadido no sacrificio pero acabará decaendo nos setenta cando as actividades de engorde do gando pasen a facerse cerca dos centros de consumo e non dos situados preto da produción de forraxe como era habitual. Outra das novidades dentro do ámbito

gandeiro é a aparición do sector avícola, que complementa aos tradicionais de vacún e porcino, impulsado co nacemento de COREN (Cooperativas Orensanas).

Porén, o conxunto dos cambios producidos na agricultura e a na gandería durante a época do desarrollismo non sempre resulta favorable para os agricultores galegos. A súa renda, xa dende principios dos sesenta, comeza a decaer debido fundamentalmente á desfavorable evolución dos prezos dos produtos que venden en relación aos dos produtos que deben mercar.(pensos, maquinaria, fertilizantes, etc.). Son estes malos resultados os que determinan o incremento da emigración. Co éxodo de campesiños a outros países europeos, a núcleos urbanos galegos que agora comezan a desenvolverse ou a centros industriais de Cataluña e o País Vasco fai descender o número de persoas dedicadas ao campo.

A pesca galega mantense á cabeza do sector pesqueiro español e foi protagonista destacada do proceso de expansión que converte a España nun dos principais países pesqueiros do mundo. Varias son as causas que explican esta situación favorable. En primeiro lugar é importante o incremento da poboación española e o seu poder adquisitivo así como a chegada de turistas que se reflicte nun aumento do consumo de pescado. Por outra parte, melloran as redes de distribución, conquístanse novos caladoiros e introdúcense novas técnicas. Durante estes anos os buques galegos, que hasta agora tiñan a súa fronteira en Terranova, estenderon a súa presenza ao hemisferio Sur e practicamente a todos os mares do mundo (a Arxentina e Sudamérica en busca de pescada, á área de Boston buscando cefalópodos ou ao canal de Mozambique para atopar crustáceos). A pesca en lugares tan alongados esixe tamén a modernización dos buques e do equipo e, sobre todo, dos sistemas de conxelación a bordo. Pola contra, a pesca de baixura perde peso e a captura de especies como a sardiña, o principal produto pesqueiro galego durante séculos, pasaron a ocupar unha posición moi secundaria. Unha das actividades que aumenta a súa produtividade pola maior demanda que xera agora é a do marisqueo. A explotación desordenada do marisco nas rías leva a promulgar a primeira *Ley de Ordenación Marisquera* en 1969. Nestas décadas increméntase de xeito moi significativo o número de bateas ou viveiros flotantes para o cultivo do mexilón.

INAUGURACIÓN DE LA PRIMERA NAVE DE CITROËN EN VIGO

En marzo de 1958 se inauguraba la primera nave de Citroën en Vigo, en las instalaciones del Puerto, esquina con Montero Ríos, en lo que hoy es una zona ajardinada. El acto de inauguración contó con la presencia del, por aquel entonces, Obispo auxiliar de la Diócesis de Tui-Vigo, Monseñor López Ortiz, quien bendijo las instalaciones, del Presidente de Citroën, Pedro González Bueno, y del Director de Citroën Vigo, Juan María Pombo Angulo, entre otros. La nave de la imagen dejó de utilizarse en 1959 cuando la empresa se trasladó a la Zona Franca.

Aínda que mantendo as mesmas pautas que na etapa anterior, na década dos sesenta o proceso industrializador intensifícase gracias o efecto de arrastre do rápido crecemento que se da en toda España e a implantación en Galicia de empresas multinacionais. A estrutura industrial galega renóvase, favorecida tamén polas maiores inversións do INI, pero o punto de referencia para as iniciativas industriais seguen sendo as actividades marítimas, a construción naval e a industria pesqueira. Empresas como Bazán e Astano en Ferrol, estaleiros como Barreras ou Ascón na ría de Vigo ou industrias como Pescanova son os referentes da industrialización galega. A estas hai que engadir a ubicación en Galicia de empresas de capital estatal ou estranxeiro, que marcan novos rumbos para o sector industrial, como Petrolíber en A Coruña ou Citröen-Hispania en Vigo. O establecemento desta última empresa en Vigo en 1957 supón un fito na historia industrial de Galicia, aínda que a súa importancia faise notar moito máis dende mediados dos anos setenta. Os primeiros anos da multinacional francesa en Vigo foron bastante modestos e durante a década dos sesenta a súa actividade redúcese a fabricación do modelo 2CV.

Unha das industrias tradicionais galegas que sofre agora unha forte reestruturación é a madereira. O elevado número de pequenos aserradeiros facían xa esta actividade pouco produtiva pero a reanudación das importacións xunto ao comezo da substitución dos embalaxes de madeira polos de plástico que ten lugar a principios dos sesenta, deixan a esta industria nunha situación crítica. A solución ven da man da consolidación da elaboración de celulosa e de taboleiros de fibras. A fabricación de celulosa iníciase en Pontevedra no entorno do ano 1962 pola empresa ENCE e a de taboleiros de fibras comeza tamén nesta cidade con TAFISA en 1958. Posteriormente créase FINSA (Pontecesures e Santiago), Aglomerados Ecar (Mondoñedo) ou Orember (Ourense).

En xeral, a maior parte das novas industrias, sexan de capital público ou privado, crean poucos postos de traballo en relación ao capital investido. A construción e as

obras públicas ocupan a terceira parte da poboación asalariada galega e isto so se explica polo pouco dinamismo do sector industrial. So podemos falar de dúas empresas que supoñen a excepción neste panorama xa que empregan a un gran número de traballadores e xeran empresas auxiliares que dependen da súa actividade, constituíndo no seu entorno focos de alta concentración industrial e obreira. Trátase de Citroën-Hispania en Vigo e da construción naval, civil e militar, en Ferrol. Citroën, que en 1975 é a primeira empresa de Galicia en volume de emprego, segue a ser na actualidade un dos piares da industria galega pero a construción naval ferrolá inicia a súa decadencia en 1973 despois de anos dun gran auxe favorecido polo aumento mundial da demanda de grandes petroleiros e outros buques.

Outra das causas da falta de dinamismo industrial galego atopámola na falta de capital invertido no proceso industrializador. As inversións da burguesía non son suficientes para crear auténticos complexos industriais en sectores punta e non se conta co apoio institucional nin da banca privada que inviste en zonas máis rendibles, provocando unha auténtica evasión financeira. As políticas económicas para a industrialización potenciaron so algunhas zonas a través da creación das Grandes Áreas de Expansión Industrial (GAEIGA) e de Sociedades de Desenvolvemento Industrial (SODIGA). Os Planes de Desenvolvemento iniciados en 1964 crean tamén en Galicia tres Polos de Desenvolvemento, A Coruña, Vigo e Vilagarcía de Arousa pero hai que esperar ao plan de 1973 para que Galicia sexa considerada como unha *unidade rexional* e poder así articular mellor o territorio e obter mellores resultados. Galicia é considerada entón como Grande Área de Expansión Industrial onde hai que conectar as zonas tradicionalmente máis desenvolvidas (Ferrol, A Coruña, Arousa-Compostela e Vigo) coas capitais de provincia do interior (Lugo e Ourense). O réxime concede numerosos beneficios fiscais e subvencións para as industrias que se instalen na nova Área de Expansión pero aínda así o resultado non foi o esperado. A falta de infraestruturas segue sendo un atranco fundamental, a pesar dos planes específicos de Redia en 1967 ou do de Accesos a Galicia de 1970. A construción da primeira autoestrada galega, entre A Coruña e Vigo, contou coa forte oposición dos nacionalistas que ademais retrasaron a posta en servizo dunha vía rápida de comunicación entre as áreas industriais.

A crise do petróleo de 1973 afecta tamén a Galicia, aumentando o número de parados, provocando o retorno de emigrantes, a crise no sector da construción naval e a redución dos espazos de pesca, etc. Iníciase así unha nova etapa de cambios na economía galega que se acelera coa morte de Franco en 1975 e o inicio da transición política en España.

A década dos anos sesenta trae tamén importantes transformacións na sociedade galega, aínda que seguen sen ampliarse as liberdades e continúa habendo unha única opción política e sindical. A industrialización e o crecemento dos servizos públicos e privados repercute na distribución da poboación activa, producíndose un incremento dos traballadores nos sectores secundario e terciario e unha diminución dos dedicados a actividades encadradas no sector primario. Aumenta a poboación urbana e as cidades inician un crecemento rápido e desordenado provocado polo éxodo do campo. Moitos dos campesiños instálanse nas cidades galegas, incidindo no desequilibrio entre as zonas costeiras e as do interior, ou nas zonas industriais da

Península, pero outros deciden emigrar máis lonxe. A emigración, sobre todo rural, é outro dos factores fundamentais para a análise da poboación nesta etapa, xogando, de novo, un papel fundamental no desenvolvemento económico de Galicia. Prodúcese nos sesenta unha segunda ola migratoria, de dimensións aínda maiores ca primeira, pero orientada agora cara Europa. Trátase dunha emigración que permanece fóra menos tempo, que envía numerosas divisas e que inviste en bens inmobles nas cidades e que provoca o aumento dos depósitos financeiros, aínda que a banca galega os emprega despois en financiar empresas fóra de Galicia, buscando máis a rendibilidade inmediata que o desenvolvemento económico do país.

Os anos sesenta e setenta rexistran una forte emigración.

As principais cidades galegas experimentan un crecemento moi significativo nestes anos, sendo Ferrol, A Coruña e Vigo as tres que maior poboación reciben. Na periferia destas cidades constrúense chabolas para acoller ás clases menos favorecidas, creando un problema económico e social. A falta de iniciativa privada para solucionar o problema da necesidade de vivendas, fai necesaria a intervención estatal. O Instituto Nacional de la Vivienda abre un programa de colaboración con corporacións locais e provinciais para a construción de vivendas para as clases traballadoras. Son as chamadas *casas baratas* que se atopan nas cidades e vilas galegas a partir de 1950. No Plan Nacional de 1961 créase a figura do polígono de vivendas, barrios conformados por bloques de pisos, apiñados e carentes de espazos públicos, de equipamentos e de servizos. En A Coruña nace neste contexto o Barrio das Flores e as sucesivas fases do Polígono de Elviña; en Vigo o Polígono de Coia e en Ferrol o de Caranza. As carencias e os problemas destes polígonos están na base da creación, a principios da década dos setenta, do movemento veciñal.

6. OS CAMBIOS NO MODO DE VIDA DURANTE O RÉXIME FRANQUISTA

Na década dos sesenta introdúcense unha serie de cambios que modifican profundamente a vida cotiá dos galegos e dos españois, en xeral. Estes cambios afectan á familia, ao fogar, á cidade e inclúen a expansión do automóbil, a construción das bases dun sistema educativo e sanitario e o desenvolvemento de novos hábitos de consumo e de ocio marcados pola chegada da televisión. Pouco a pouco se vai organizando un novo sistema de mercado no que o diñeiro é cada vez máis imprescindible para resolver as necesidades básicas.

Os cambios impostos pola nova situación económica e social empezan afectando xa á familia e á súa vivenda. Neste momento xeneralízanse novos materiais de construción como o cemento, o azulexo, o ladrillo ou a uralita, descoñecidos en gran medida nas áreas rurais ata a década dos cincuenta. Por outra parte, o domicilio organízase de xeito diferente, dividíndose en espazos diferenciados para a cociña, os dormitorios, a sala de estar…Esto xa era coñecido polas clases medias pero para un amplo sector da poboación traballadora aparece por primeira vez nas casas baratas, e en moitos lugares do mundo rural non se difunde ata os anos setenta. Tamén irrompen no fogar as novas tecnoloxías. No campo, a lareira é substituída pola cociña económica e nas cidades, nos anos cincuenta, esta última cambiase pola cociña de gas butano. Nos anos setenta difúndense o frigorífico e a lavadora e esténdense os servizos públicos como a traída de augas, o tendido de luz eléctrica, a rede de sumidoiros e a recollida de lixo, que ata agora so coñecían as clases medias dos núcleos urbanos. A televisión pública empeza a emitir en Galicia en 1961 e, a partir de entón, este aparato vai desprazando á radio, omnipresente nos fogares. Nos primeiros anos, polo seu elevado custo, chega a gran parte do público das cidades polos bares e no campo, polos teleclubes.

Ao mesmo tempo, cambian as pautas de consumo. Durante a década dos corenta a fame e a escaseza afectan a un amplo sector da poboación para o que os ovos e a carne son produtos de luxo so reservados para as ocasións especiais ou para os enfermos. Na década seguinte en moitos pobos os fideos e o arroz eran pratos especiais e nos sesenta as tabletas de chocolate, as laranxas, os plátanos ou o pescado conxelado. Tamén nos sesenta empezan a expandirse as grandes marcas (Coca Cola inaugura en 1961 en A Coruña a súa primeira planta embotelladora en Galicia) e as grandes superficies de compras, enfocadas a un consumo cada vez maior. En 1958, tamén en A Coruña, inaugúrase o primeiro supermercado que van a substituír progresivamente aos ultramarinos. En 1975 abre as súas portas nesta cidade a primeira tenda de Zara e un ano máis tarde El Corte Inglés inaugura a súa sede en Vigo.

As novas tecnoloxías chegan tamén aos sistemas de transporte. En A Coruña o tranvía eléctrico coexiste dende 1948 co trolebús (eléctrico pero xa sen raíl) aínda que noutras cidades non desaparece ata os anos sesenta. Nos setenta dominan xa os autobuses que queiman hidrocarburos. Tamén na década dos sesenta comeza a popularizarse o automóbil privado co mítico 600 e isto supón cambios definitivos nas cidades: novas vías de acceso, calles máis anchas, semáforos, pasos elevados, etc.

Praza de Praterías. Santiago de Compostela, anos 60.

Durante a etapa franquista vaise construíndo un sistema educativo e sanitario, a cabalo entre o sector público e o privado. A educación baséase nunha pedagoxía represiva, na separación de sexos, na imposición do castelán como única lingua posible e na ensinanza da ideoloxía do réxime. Calquera réxime ditatorial utiliza a cultura e as súas manifestacións como medio para propagar a súa ideoloxía e controlar desta maneira á poboación. O franquismo responde tamén a estes preceptos e non valora a cultura máis que na medida na que serve aos seus intereses. Educación e cultura son dous aspectos especialmente controlados pola ditadura e a censura é unha arma utilizada con frecuencia para anular todas aquelas formas de expresión contrarias aos principios do Movemento. As bases ideolóxicas da ditadura, os trazos básicos do novo sistema político e a nova misión de España, están presentes nos programas do ensino de xeito que, ademais das materias existentes ata o momento, os nenos deben estudar Formación del Espíritu Nacional ou Formación Política. Os libros de texto mostran tamén unha visión manipulada ha historia recente, ofrecendo unha visión positiva do bando nacional, vencedor da guerra fronte aos republicanos, *rojos* pervertidos e sen ningún tipo de virtude.

No medio rural existe unha rede de escolas públicas unitarias, mal equipadas, onde un único mestre atende a nenos de diversas idades. O cambio chega na década de 1970 coas concentracións escolares. Para cursar estudios secundarios hai que marchar ás cidades onde están os seminarios, os centros públicos e, sobre todo, privados así como os internados. Nas cidades ten lugar un gran expansión do sector

privado, sobre todo dos colexios pertencentes a ordes relixiosas que constrúen na periferia centros educativos dotados moitas veces de instalacións deportivas e aos que os fillos das clases medias acoden en autobús. Para cursar estudos universitarios, minoritarios ata finais dos anos sesenta, hai que desprazarse a Santiago de Compostela ou a Madrid.

No ámbito da saúde, as taxas de raquitismo, bocio, tuberculose e enfermidades infecciosas son moi elevadas e nas áreas rurais e nos barrios populares os médicos compiten cos curandeiros. Pouco a pouco vanse introducindo os antibióticos (a penicilina aplícase por primeira vez en A Coruña en 1944) e as vacinas obrigatorias. A asistencia hospitalaria non se consolida ata a década de 1960 coa creación en Santiago do Hospital Xeral e en A Coruña do Juan Canalejo.

7. BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X:R:, VILLARES PAZ , R. (coords). A Gran Historia de Galicia. La Voz de Galicia. A Coruña, 2007.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. Historia Contemporánea de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo, 1981.

DE JUANA LÓPEZ, J. E PRADA RODRÍGUEZ, X. (coords.). Galicia Contemporánea, en Historia de Galicia, tomo V. Ed. Vía Láctea, A Coruña, 1996.

DE JUANA LÓPEZ, J. E PRADA RODRÍGUEZ, X. (coords.). Hª Contemporánea de Galicia. Ariel, Barcelona, 2005.

ROMERO MASIÁ, A. Galicia. CC. SS. Xeografía e Historia, 2º Bacharelato. Bahía Eds. A Coruña, 1997.

VILLARES PAZ, R. Breve Historia de Galicia. Alianza Editorial, Madrid, 2004.

VV.AA. Historia de Galicia. La época contemporánea. Faro de Vigo. Vigo, 1991.